DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 66 | Xoves, 5 de abril de 2018 | Páx. 18765

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*EXTRACTO da Resolución do 21 de marzo de 2018, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega das persoas galegas retornadas e dos seus descendentes, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (PR937A).*

BDNS (Identif.): 392281.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

As persoas que, residindo fóra de España, se establezan na Comunidade Autónoma galega:

1. As persoas galegas e nacidas en Galicia.

2. Os cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal e os descendentes das persoas galegas e nacidas en Galicia ata o segundo grao de consanguinidade incluído.

3. As persoas beneficiarias das Bolsas Excelencia Mocidade Exterior convocadas pola Secretaría Xeral da Emigración.

Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases que regularán o procedemento de concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega das persoas galegas retornadas e dos seus descendentes, subvencionando os gastos que supón o seu establecemento como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia, ou como socias traballadoras de sociedades laborais ou cooperativas de traballo asociado.

CVE-DOG: sgsbkeb1-ar17-zrh5-bs59-ijhaewubw2

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 21 de marzo de 2018, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega das persoas galegas retornadas e dos seus descendentes, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (PR937A).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito total de 200.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312 C.470.0.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 28 de setembro de 2018.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

CVE-DOG: sgsbkeb1-ar17-zrh5-bs59-iljhaewubw2